

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

19575 *Lei 38/2010, do 20 de decembro, de modificación da Lei 8/1994, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, para reforzar as funcións asignadas á dita comisión mixta.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo escenario do proceso normoxenético deseñado polos tratados europeos presenta retos e desafíos ás Cortes Xerais que é preciso afrontar con instrumentos adecuados.

A intensidade do debate político europeo e a súa transcendencia sobre as lexislacións nacionais, a multiplicidade das distintas reunións do Consello de Ministros da Unión Europea nas súas distintas formacións, formais e informais, o cúmulo de reunións preparatorias e a intensa actividade lexislativa das institucións europeas fai extremadamente complexo o seguimento da actividade comunitaria.

Artigo primeiro. *Obxecto da lei.*

O obxecto desta lei é modificar a Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, modificada pola Lei 24/2009, do 22 de decembro, para a súa adaptación ao Tratado de Lisboa do 13 de decembro de 2007.

Artigo segundo. *Modificación da Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea.*

A Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, queda modificada como segue:

Introduciranse, a continuación do seu artigo 7.º, dous capítulos novos con tres novos artigos, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO TERCEIRO (NOVO)

Regulación das comparecencias periódicas do Goberno ante a Comisión Mixta para a Unión Europea

Artigo 8.º (novo).

Á vista do calendario de reunións semestrais do Consello da Unión Europea, a Mesa da Comisión Mixta para a Unión Europea decidirá os membros do Goberno, ministros ou altos cargos, que deben comparecer ante a citada Comisión antes da celebración da reunión do Consello, para os efectos de que poidan manifestar a posición do Goberno en relación cos asuntos incluídos na orde do día da reunión do Consello.

Artigo 9.º (novo).

Ao final de cada presidencia semestral do Consello da Unión Europea, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou o secretario de Estado para a Unión Europea comparecerán ante a Comisión Mixta para a Unión Europea para dar conta dos progresos realizados durante a dita presidencia.

CAPÍTULO CUARTO (NOVO)

Regulación da participación e comparecencia dos gobernos autonómicos ante a Comisión Mixta para a Unión Europea

Artigo 10.º (novo).

1.º Os membros dos gobernos das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla –presidente ou membros do consello executivo competentes– poderán solicitar a súa comparecencia ante a Comisión Mixta para a Unión Europea para informar sobre o impacto da normativa das institucións da Unión Europea e das propostas de actos legislativos e outros documentos emanados de institucións da Unión Europea, de conformidade co artigo 3.b) desta lei, sobre as materias en que posúan algún tipo de competencia.

2.º A celebración das comparecencias a que se refire o punto 1.º deste artigo será acordada pola Mesa da Comisión Mixta para a Unión Europea ou por petición de dous grupos parlamentarios.»

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de decembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO